

**COMUNICADO Nº 080/23****05 DE MAIO DE 2023****PROXECTO DE NOVO CERTAME GALEGO DE KARTING ELÉCTRICO CON  
LITTLE ELECTRIC CARS**

A empresa Little Electric Cars está a traballar para organizar esta mesma tempada a primeira edición do Campionato Galego de Karting Eléctrico co apoio da Federación Galega de Automobilismo.

Sabedores da importancia da chegada dos vehículos eléctricos á competición, dende a FGA vaise colaborar (tras o paso pola Asamblea para a súa aprobación) para que este novo certame, que terá 4 probas nesta tempada 2023 acade as súas metas.

Este certame disputarase en varios circuitos galegos cos karts eléctricos desenvolvidos pola compañía galega, nunha modalidade que contará coa categoría “Master”, equivalente aos X30 de combustión.

Proposta de Calendario para o Campionato de Galicia de Karting Eléctrico, pendente da aprobación en Asamblea da FGA.

1. I CGKE Valga // 17 e 18 de xuño.
2. I CGKE Madalena // 1 e 2 de xullo.
3. I CGKE As Pontes // 12 e 13 de agosto.
4. II CGKE Valga // 16 e 17 de setembro